

# gústame...

- ... a miña lingua aquí e polo mundo adiante
- ... a miña lingua na túa boca
- ... botar a lingua de fóra
- ... libre e en galego
- ... namorarte en galego
- ... o galego ata no carné de identidade
- ... o galego, porque te fai sexi, chic e cool
- ... o galego, porque si, porque me peta e quero e dáme a gana
- ... o rap, o rock, a muiñeira ou o reguetón en galego
- ... o seseo (e a gheada, e o rotacismo...)
- ... poder entenderme en galego con máis de 200 millóns de persoas
- ... que @s bonec@s falen galego
- ... que as mates, a ciencia, a tecnoloxía... sexan en galego!
- ... que che guste a miña lingua :-P
- ... que intentes falar galego, aínda que che custe un pouquiño
- ... que me atendan en galego
- ... que me digan “qrt m8” ;-)
- ... que me entren en galego ;-)
- ... que non me traduzan o café con leite
- ... que non nos coma a lingua o gato
- ... que o falar non teña cancelas
- ... que o leite poña que é galego 100%
- ... que os nosos nomes sexan propios
- ... que se faga xustiza co galego
- ... soñar en galego e despertar cun "bo día"
- ... soñarte en galego
- ... ter a lingua en forma
- ... ter un punto... gal
- ... troulear en galego
- ... xogar en galego
- ... o galego de primeira
- ... o noso aniversario en galego (90 anos!)
- ... que o vestiario fale galego
- ... como Balaídos roxe en galego
- ... que o galego teña unha boa canteira
- ... cantar A Rianxeira
- ... escoitar o galego do *Ala celta...*
- ... que a vitoria fale galego
- ... ser seareir@
- ... o galego nas comparencias de prensa
- ... a billarda, a chave, os bolos celtas... o deporte tradicional e en galego
- ... que non lle metan goles ao galego
- ... alentar o Celta con afouteza e corazón
- ... animar dicindo: I mos Celta! Forza Celta!
- ... que a canteira teña presenza para que o fútbol de primeira fale galego
- ... ver un equipo de primeira apoiando un idioma de primeira
- ... sacar o galego do curruncho
- ... o fútbol galego e en galego
- ... escoitar e cantar *A Rianxeira* en primeira división!

[www.gustame.gl](http://www.gustame.gl)

f: [gustameogalego](https://www.facebook.com/gustameogalego) t: [gustameogalego](https://twitter.com/gustameogalego)





A campaña “Gústame o galego” ([www.gustame.gl](http://www.gustame.gl)) procura a visualización e o apoio da lingua galega e está promovida pola CTNL (Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua). Nesta ocasión contamos coa colaboración do Celta de Vigo, a Fundación Celta de Vigo, a Universidade de Vigo e o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo para poñer a andar a iniciativa "Gústame o galego de primeira" que ten como obxectivo visualizar e incentivar o uso do galego no deporte e máis concretamente no Celta de Vigo.

## AUTORIZACIÓN

**Nome e apelidos:\***

**Doc. Ident.:\***

**Enderezo electrónico:**

\*Datos obrigatorios

No nome do meu fillo/da miña filla \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, menor de idade sobre o que teño responsabilidade),

### DECLARO

Que comparto e apoio os obxectivos, contidos e textos da campaña Gústame.

Que lle dou permiso á Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G15542897, entidade organizadora da campaña Gústame, para que poida utilizar e difundir (de balde e sen xerar ningún tipo de dereitos) a foto tirada e mais o meu nome (ou do/a menor sobre o que teño responsabilidade, de ser o caso) única e exclusivamente para os fins e obxectivos da propia campaña.

Data: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / 201\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_